

# ALGO MÁIS QUE UN CADRO



**POR QUE  
ESTE CADRO?**



**JOSÉ MARÍA CASTRO ÁLVAREZ,  
PROFESOR DE BIOLOXÍA-XEOLOXÍA**

Hai tempo, dicíase moito que a xente pouco culta sempre atopaba en calquera conversa algunha escusa para relacionar o tema en cuestión co último libro que tiña lido. Gloriosos tempos aqueles, nos que mesmo a xente considerada inculta lía algún libro polo menos de vez en cando! Cóntovos isto, en calquera caso, porque eu non son entendido en pintura, nin en xeral en arte, e por iso vou resolver a honra coa que se me concede este espazo para falarvos precisamente da pintura que recibín como presente do meu último aniversario.

**É un acrílico coas contornas en tinta china, coa que Miguel Anxo Prado realizou (en 2012) un estudo do personaxe “Xamaín” para a súa última obra (publicada no actual 2020): a primeira entrega da pretendida triloxía “O Pacto do Silencio”.** Acho xusto recoñecermos en primeiro lugar que Miguel Anxo Prado, como prestixioso e xenial autor de banda deseñada, non é só un mestre na creación de personaxes, no retrato de psicoloxías complexas e na captura de reveladores acenos. Ó cabo, alén deses personaxes, é nas súas obras a terra mesma (e mais o mar) quen nos fala a través dunhas paisaxes que viven, que latexan, que supuran emocións e que nos atrapan, como tentando forzarnos a que nos deixemos acubillar.



Mais, retornando ó Xamaín e á súa víbora, será que podemos descifrar cal é a esencia da maldade deste demo? Tiña xa infectado o cerne dende a súa orixe? Ou foi por cobiza que tornou ruín? Haberá quen se conforme coa simple dicotomía entre o bo e o malo, entre o insubornábel e o irremisibelmente botado a perder. Mais haberá tamén quen diga, coa axuda do noso refraneiro, que *“Deus é bo, pero o demo non é malo”*. Porque, ollando pausadamente, acaso non podemos ver en Xamaín (sen que o consiga eclipsar a súa evidente doenza mental) a honestidade dunha convicción á que sinceramente se debe? Aínda vos quedará moita historia por descubrir logo de que vos confirme que si, que foi por causa da cobiza que se foi envelenando o seu espírito; mais non pola cobiza del, senón pola nosa, a da humanidade.

Podería considerarse imperdoábel pechamos un tema sobre banda deseñada e mitoloxía obviando a tese de Hugo Pratt, quen nos lembrou da man de Corto Maltés nas Célticas que a mitoloxía existe como creación humana que é e sobrevivirá só se continuamos a alimentala. Mais non menos importante é o segredo que me revelou Xamaín e que aquí vos confío a vós: tamén nós existimos por obra e gracia da mitoloxía e xa nada restará de nós cando esmoreza esa reciprocidade, cando reneguemos de deixarnos alimentar por ela.